



ORDENANZA 12

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS NO RECINTO FEIRAL DO TELLEIRO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DE FEIRAS OU FESTAS

Art.1.- Fundamento legal.

En uso das facultades concedidas polos art. 133.2 e 142 da Constitución e do art. 106 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co art. 58 , en relación co art. 20 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Paderne establece a taxa por servicios no recinto feiral do Telleiro, con motivo da celebración de feiras ou festas.

Art. 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación no recinto feiral do Telleiro dos seguintes servicios:

- A) Subministro de auga
- B) Subministro de enerxía eléctrica
- C) Reserva de espacio para instalación de postos ou stands.
- D) Publicación na revista da feira dun espacio publicitario para o expositor.

Art.3.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

Art.4.- Devengo

A taxa devéngase cando dea comezo a prestación do servizo ou actividade

Art.5.-Responsables.

1.-Respostarán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, así como os copartícipes ou cotitulares das entidades recollidas no art. 33 da Lei Xeral Tributaria, que respostarán en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias da Entidade.



2.-Serán responsables subsidiarios os administradores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, e nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeral Tributaria.

Art. 6.- Bases de imposición e tipos de gravamen.

As Bases de imposición e tipos de gravamen son os contidos na seguinte tarifa:

- Polo uso dos servizos de auga, electricidade e anuncio en publicación feira e reserva de espazo para instalación de postos ou stands, dos que dispón a instalación municipal, por módulos ocupados
-
- De tipo A: ata 4 m²: 30 €
- De tipo B: de 4 m² ata 5 m²:60 €
- De tipo C: de 5 m² ata 6 m²:90 €
-

Estas tarifas enténdense sen perxucio da repercusión legal, que no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.

O suxeito pasivo pode renunciar a calquera dos servizos mencionados sin que isto supoña dereito a redución algunha na tarifa.

Art. 7.- Normas de xestión.

O usos dos servizos recollidos no art. 4 autorizaranse polo Sr. Alcalde, previa instancia da parte interesada, dos seus apoderados ou representantes legais, que haberán de presentala por escrito ante o Concello de Paderne. A dita instancia acompañarán declaración -liquidación nos impresos facilitados ó efecto, sinalando o tipo de módulo de servizos solicitados de acordo co art. 6.

A resolución habida será notificada ó interesado, informándolle do lugar no que deberá instalarse para facilitarlle os servizos.

Art. 8.- Gastos de reconstrucción e indemnizacións.

1.-Cando a utilización dos servizos, como consecuencia de dolo ou culpa do suxeito pasivo, leve aparellada a destrucción dos elementos ou obxectos postos á súa disposición, éste, sen perxucio do pago da taxa á que houbese lugar, estará obrigado ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación, e do depósito previo do seu importe

2.- Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ó valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danos.



3.- O Concello de Paderne non poderá condonar, total nin parcialmente, as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente artigo.

DISPOSICIÓN FINAL.-

Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Paderne, 2 de xullo de 2001